



2º AVALIACIÓN CURSO 19-20

Estimadas familias:

O pasado venres 27 de marzo recibíuse unha Instrución da Consellaría de Educación onde se informaba que **os centros educativos realizarían a 2ª avaliación** na última semana de marzo debendo quedar rematada antes do 3 de abril.

RECÓRDASE que **as actividades que foron propostas desde o venres 13 de marzo ata o 3 de abril polo profesorado do centro escolar: NON SERÁN AVALIABLES para ó alumnado** (Só eran recomendables pero non obrigatorias, polo que non se avaliarán).

A 2ª avaliación realizarase só co traballo desenvolvido ata o venres 13 de marzo. AS NOTAS NON ESTARÁN RELACIONADAS COAS TAREFAS ENVIADAS DURANTE O PERÍODO DE CONFINAMENTO.

COMO SE VAI FACER A ENTREGA DE NOTAS DA 2ª AVALIACIÓN?

Como estamos nun PERÍODO DE SUSPENSIÓN DE CLASES, **ÁS FAMILIAS NON PODERÁN ACUDIR Ó COLEXIO RECOLLER OS BOLETÍNS.**

Para acceder ás notas do alumnado, os pais-titores poderán recibir ós boletíns a través de:

- ✓ **Abalar Móbil**, esta aplicación permite a cada familia visualizar o boletín de notas.
- ✓ **Correo electrónico**, poderáselle enviar ás familias que non dispoñan de Abalar Móbil.
- ✓ **Correo ordinario**, senón dispoñen de ningunha das ferramentas anteriores.

O luns 30 de marzo, na web do centro e no Facebook da ANPA, publicouse unha nota informativa onde se recomendaba ás familias o emprego dunha ferramenta da Xunta, **Abalar Móbil**. É segura e proporciona un medio de comunicación moi útil entre alumnado e profesorado titor.

Na citada nota, publicábase unha guía de uso para as familias e un enderezo de correo onde se podía acceder

<https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/espazo/servizos-dixitais/app-de-comunicaci%C3%B3n-abalarMobil-para-familias>